



ACTA DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN RURAL DE DESENVOLVEMENTO RÍA DE MUROS-NOIA DO 14 DE FEBREIRO DE 2018

No salón de plenos do Concello de Lousame, o día 14 de febreiro de 2018, ás 17:00 horas reúnese a Xunta Directiva da Asociación Rural de Desenvolvemento Ría de Muros-Noia.

Asisten:

Dona María Teresa Villaverde Pais, con DNI núm. 76517422X, presidenta.

Dona María Xosé Alfonso, con DNI núm. 33271013H, vicepresidenta.

Dona María Beatriz Molinos Vidal, con DNI núm. 33260032P, secretaria.

Don Luís Oujo Pouso, con DNI núm. 33283149X, tesoureiro.

Don José Santiago Freire Abeijón, con DNI núm. 33272327K, vogal.

Asiste á reunión con voz e sen voto, don Arturo Barreiro Tubío en calidade de xestor da asociación.

Comeza a Reunión coa seguinte orde do día:

- 1.- Informe e balance de accións da anualidade 2017.
- 2.- Plan de xestión da anualidade 2018.
- 3.- Rogos e preguntas.

1.- Informe e balance de accións da anualidade 2017.

A presidenta informa das xestións feitas dende a última Xunta Directiva. Presta especial atención ao incremento de actividade experimentado durante o exercicio 2017.

Para explicar con mais detalle este punto solicita a presenza de Sebastián Valverde, da empresa itc.ménsula, á que se lle encomendou a documentación e redacción dunha memoria anual. O informe detallas os seguintes aspectos:

- Administración da ARD.
- Captación de fondos.
- Desenvolvemento de produtos.
- Relación con empresas e operadores turísticos do XeoDestino.
- Promoción do XeoDestino.
- Relación cos medios de comunicación.
- Relacións institucionais.

O informe é explicado con detalle e as apreciacións se farán na quenda de rogos e preguntas. (Dona Beatriz Molinos ten que ausentarse á metade deste punto da orde do día).

2.- Plan de xestión da anualidade 2018.

Para a anualidade 2018 a presidencia propon tratar de reeditar, na medida do posible, o plan de actividade da anualidade 2017 pero incrementando dúas accións non contempladas na anualidade 2017.

- A edición dun video promocional dos recursos dos cinco municipios do xeoDestino.

Esta acción ven motivada polas diversas suxestións dos alcaldes da ARD a este respecto.

- A profesionalización da xestión da ARD e do XeoDestino.

Esta acción ven motivada polo incremento da actividade da ARD e do XeoDestino en Xeral, que xa non poden ser seguir sendo xestionados, de ningún xeito, cos medios do Concello de Lousame.

3.- Rogos e preguntas.

Na quenda de rogos e preguntas prodúcese a deliberación dos alcaldes respecto aos puntos anteriores co acordo do incremento da aportación municipal de todos os concellos para a anualidade 2018, quedando pendente que cada alcalde confirme á presidenta a contía do incremento respecto da anualidade 2017.

Sen mais temas que tratar, levántase a sesión ás 19:30 horas do día e data.